

LABAÑOU SOLIDARIA

ESTATUTOS

A Coruña, febreiro de 2001

ESTATUTOS DE LABAÑOU SOLIDARIA

CAPÍTULO PRIMEIRO

DENOMINACIÓN, DOMICILIO, ÁMBITO, OBXECTO E ACTIVIDADES

Artigo 1º.- Constitúese na cidade da Coruña unha asociación non gobernamental, sen ánimo de lucro, que se denominará LABAÑOU SOLIDARIA, dedicada a fins de cooperación socio-sanitarios, cun enfoque integral de desenvolvemento, e que se rexerá pola vixente Lei de Asociacións e polos presentes estatutos.

Artigo 2º.- O domicilio social da asociación establécese na cidade da Coruña, na praza Xeneral Mola, número 2, 5ºA, 15003. Poderán ser creados locais sociais noutras cidades mediante acordo da Xunta Directiva, que terá atribucións para cambiar tanto o domicilio como os locais, dando conta do seu acordo ó organismo encargado do rexistro.

Artigo 3º.- O ámbito territorial dentro do cal a asociación desenvolverá as súas actividades circunscríbese á provincia da Coruña. Terá unha duración indefinida e só se disolverá por acordo da asemblea xeral extraordinaria ou por calquera das causas previstas nas leis.

Artigo 4º.- O ámbito de actuación de LABAÑOU SOLIDARIA esténdese a todos os países do mundo, especialmente a comunidades con características de marxinalidade social

Artigo 5º.- O obxecto social desta ASOCIACIÓN consiste no estudio e diagnóstico pormenorizado da situación sanitaria e socio-laboral da poboación para poder enviar equipos de axuda con recursos humanos, materiais e financeiros, para promover actividades que desenvolvan ou melloren as condicións sanitarias, educativas, sociais, culturais, científicas e productivas. Trátase de contribuír a un desenvolvemento económico sostido baseado na solidariedade e na cooperación comunitaria, nacional e internacional , sen discriminación de raza , sexo , relixión , filosofía ou posición política .

Tamén serán obxecto de atención as diversas problemáticas que requiran a promoción de accións e proxectos específicos naqueles colectivos de poboación integrados por grupos vulnerables (nenos, mozos, homes e mulleres con problemas de violencia e discriminación).

Igualmente, será obxecto de atención particular a promoción e defensa do medio ambiente e dos dereitos humanos naqueles lugares nos que se traballe.

Entre os obxectivos fundamentais desta asociación, de carácter non lucrativo, destaca a intención de levar adiante, de maneira sistemática, accións que fortalezan e eleven o benestar e a calidade de vida dos habitantes dos núcleos poboacionais nos que se considere necesario incidir.

Artigo 6º.- O traballo e as actividades multidisciplinares da asociación asentaranse en principios e métodos científicos, técnicos, participativos e democráticos na toma de decisións colexiadas, e axustarase xuridicamente á doutrina nacional e internacional.

Débese realizar toda clase de intercambio sobre proxectos, estudos, colaboración, ideas e experiencias con outras organizacións similares, nacionais e internacionais, para acrecentar así o patrimonio intelectual, físico, administrativo, técnico e financeiro desta asociación.

Favorecerase en todo momento o intercambio cultural naqueles lugares nos que se emprendan proxectos de cooperación.

A asociación promoverá un seguimento sistemático da correcta ou incorrecta utilización e consumo dos recursos humanos, naturais, financeiros e fiscais coa finalidade de facer propostas científicas, técnicas, xurídicas e sociais para acadar un axeitado manexo destes recursos.

Se for necesario, a asociación pode adquirir bens mobles e inmobles, así como maquinaria, aparellos, e toda clase de equipos e accesorios que coaduxen ó desenvolvemento do obxectivo e actividade desta organización, tamén materias primas, estudos e traballos de investigación.

Artigo 7º.- A xunta directiva será o órgano competente para interpretar os preceptos contidos nestes estatutos e cubrir as lagoas que poidan conter, aténdose sempre á normativa legal vixente en materia de asociacións.

Os presentes estatutos serán desenvolvidos e cumpridos mediante os acordos que validamente adopten a xunta directiva e a asemblea xeral, dentro da súa respectiva competencia.

CAPÍTULO SEGUNDO

ÓRGANOS DA ASOCIACIÓN: ASEMBLEA XERAL E XUNTA DIRECTIVA

SECCIÓN PRIMEIRA: A ASEMBLEA XERAL

Artigo 8º.- Composición da Asemblea Xeral

1.- A Asemblea Xeral está integrada por todos os socios que se reúnen para deliberar e tomar acordos como órgano supremo de expresión da vontade da asociación.

2.- Os acordos da Asemblea Xeral, adoptados en conformidade coas leis e con estes estatutos, obrigan a todos os membros asociados, incluso os que non participasen na reunión e os que, aínda estando presentes, se abstivesen de votar.

3.- As asembleas xerais poden ser ordinarias e extraordinarias.

Artigo 9º.- Facultades

1.- Será preceptivo, so pena de nulidade, o acordo da Asemblea Xeral para os seguintes actos:

a) Nomeamento e revogación dos membros da Xunta Directiva.

b) Aprobar os orzamentos anuais de ingresos e gastos, así como o estado de contas correspondente ó ano anterior, e a memoria anual de actividades.

c) Establecer as cotas base que os membros da asociación teñan que satisfacer e a súa actualización, así como a denominada cota ordinaria.

d) Modificación, se for preciso, dos estatutos da asociación.

e) Fusión, disolución e liquidación da asociación.

f) Adopción dos acordos relativos á representación legal, xestión e defensa dos intereses dos membros.

g) Controlar a actividade e xestión da Xunta Directiva.

h) Establecer as liñas xerais de actuación que lle permitan á asociación cumprir cos fins desexados.

i) Dispoñer e allear os bens da asociación.

2.- Todos os asuntos propios da asociación, aínda que sexan competencia da Xunta Directiva, poden ser obxecto de debate e acordo na Asemblea Xeral.

Artigo 10º.- Convocatoria da Asemblea Xeral

1.- A Asemblea Xeral ordinaria deberá ser convocada pola Xunta Directiva polo menos unha vez ó ano, dentro dos seis primeiros meses. Se transcorrese este prazo sen que se efectuase a convocatoria, calquera membro asociado pode solicitar que se ordene a convocatoria.

2.- A Asemblea Xeral extraordinaria convocarase sempre que sexa necesario por iniciativa da Xunta Directiva, ou ben a pedimento do 30 por cento dos membros asociados. Ó pedimento ou solicitude de asemblea acompañarase a orde do día da mesma.

Artigo 11º.- Forma da convocatoria

1.- A convocatoria da Asemblea Xeral publicarase no taboleiro de anuncios do domicilio da asociación e comunicarase por escrito a cada un dos socios.

2.- A publicación ou notificación da convocatoria efectuarase cunha antelación mínima de 10 días hábiles á data prevista para a celebración da Asemblea Xeral. A data de celebración da asemblea non pode ser posterior en máis de dous meses á data de publicación ou notificación da convocatoria.

3.- A convocatoria debe indicar a data, se é en primeira ou en segunda convocatoria, a hora e o lugar da xuntanza, e expresará con claridade e precisión os asuntos que compoñen a orde do día.

4.- O intervalo de tempo que debe mediar entre a primeira e a segunda convocatoria será de media hora.

5.- A orde do día será fixada pola Xunta Directiva. Debe incluír os asuntos que ela propoña e os que por escrito lle fosen propostos por un número de membros asociados que representen o 10 por cento.

6.- A Asemblea Xeral celebrarase na localidade na que radique o domicilio social da asociación.

7.- Non obstante o establecido nos apartados anteriores deste artigo, non será necesaria a convocatoria, nin existirá limitación sobre o lugar no que deba realizarse a Asemblea Xeral, sempre que estean presentes todos os socios e acepten por unanimidade a reunión da asemblea e os asuntos que se deben tratar nela; nese caso, todos os membros asociados asinarán a acta na que se acorde a asemblea.

Artigo 12º.- Funcionamento da Asemblea Xeral

1.- A Asemblea Xeral quedará validamente constituída en primeira convocatoria cando estean presentes ou representados a maioría dos asociados e, en segunda convocatoria, calquera que sexa o número de asociados concorrentes. Poden asistir todos os membros asociados que o sexan na data do anuncio da convocatoria, e que na data de celebración da asemblea sigan sendo e non estean suspendidos de tal dereito.

O presidente da asociación, asistido polo secretario, realizará o cómputo de socios presentes e representados na asemblea e declarará, se procede, que esta queda constituída .

2.- A Asemblea Xeral estará presidida polo presidente da Xunta Directiva e, en ausencia deste, polo vicepresidente á falta de ambos, polo vocal de máis idade. Actuará de secretario o que o sexa da Xunta Directiva e, á falta deste, o vocal de menos idade.

Se na orde do día figuran asuntos que afecten directamente a quen, conforme o establecido neste apartado, debe actuar como presidente ou secretario da asemblea, esta designará quen debe desempeñar tales funcións.

3.- Corresponde ó presidente da asemblea dirixir as deliberacións, manter a orde no desenvolvemento da asemblea e velar polo cumprimento das formalidades esixidas por lei.

4.- Serán nulos os acordos sobre asuntos que non consten na orde do día, salvo o de convocar unha nova Asemblea Xeral ou o de prorrogar a Asemblea Xeral.

Artigo 13º.- Dereito de voto

1.- Cada membro asociado terá dereito a un voto nas reunións da Asemblea Xeral.

2.- O dereito de voto pode ser exercitado por medio doutro membro asociado, que nunca poderá representar a máis de cinco. A delegación de voto só se pode realizar para unha asemblea concreta e debe facerse mediante escrito autógrafo.

Artigo 14º.- Adopción de acordos

1.- A Asemblea Xeral adoptará os acordos por maioría de votos validamente expresados, non sendo computables para estes efectos nin os votos en branco nin as abstencións.

2.- Para adoptar acordos de modificación de estatutos, disolución da asociación, constitución dunha federación de asociacións similares ou integración nunha que xa exista será necesario o voto favorable das dúas terceiras partes dos asociados, presentes ou representados.

3.- Os acordos adoptados pola Asemblea Xeral producirán os efectos inherentes desde o momento no que se tomasen.

Artigo 15º.- Acta da Asemblea Xeral

1.- A acta da asemblea, que debe redactar o secretario, expresará o lugar e a data das deliberacións, o número dos membros asociados existentes, se se realiza en primeira ou segunda convocatoria, un resumo dos asuntos debatidos, as intervencións das que se solicitase constancia na acta, os acordos adoptados e o resultado numérico das votacións.

2.- A acta da sesión da Asemblea Xeral pode ser aprobada pola propia asemblea ou, se non, nun prazo de 15 días polo presidente da asemblea e tres socios designados na mesma asemblea.

En todo caso, a acta pasarase ó correspondente libro de actas da Asemblea Xeral polo secretario.

SECCIÓN SEGUNDA: A XUNTA DIRECTIVA

Artigo 16º.- Natureza e competencia

A Xunta Directiva é o órgano de goberno, xestión e representación da asociación con suxeición á lei, a estes estatutos e á política xeral fixada pola Asemblea Xeral.

Correspóndenlle á Xunta Directiva cantas facultades non estean reservadas pola Lei de Asociacións ou por estes estatutos á Asemblea Xeral.

Artigo 17º.- Exercicio da representación

1.- O presidente da Xunta Directiva, que tamén preside a asociación, asume a representación legal da mesma. Executará os acordos adoptados pola Asemblea Xeral e pola Xunta Directiva, sen prexuízo de incorrer en responsabilidade se a súa actuación non se axusta ó encomendado .

2.- A Xunta Directiva poderá conferir apoderamentos a calquera persoa, coas facultades representativas que se establezan na escritura de poder.

Artigo 18º.- Composición e elección

1.- A Xunta Directiva estará formada por un presidente, un vicepresidente, un secretario, un tesoureiro e tres vocais.

2.- Soamente poden ser elixidos membros da Xunta Directiva os socios que non estean incurso nalgunha das prohibicións da Lei de Asociacións.

3.- Os integrantes da Xunta Directiva serán elixidos pola Asemblea Xeral, con votación polo maior número de votos.

4.- A convocatoria da elección dos membros da Xunta Directiva anunciarase mediante escrito a todos os membros asociados, como mínimo, cun mes de antelación ó remate do mandato dos membros que cesen nos seus cargos. Concederase un prazo de quince días para a presentación de candidaturas; pasado este prazo, e dentro dos tres días seguintes, a Xunta Directiva procederá á proclamación dos candidatos e á convocatoria da Asemblea Xeral.

5.- As candidaturas a membros da Xunta Directiva deben presentarse aceptadas e asinadas por todos e cada un dos candidatos, que necesariamente terán a condición de membro asociado cunha antigüidade mínima de un ano. A Asemblea Xeral elixe os membros da Xunta Directiva e esta, á súa vez, trala constitución, designa os cargos que ocuparán os membros elixidos.

6.- As candidaturas serán abertas e poderán ser votadas total ou parcialmente, e poderá ser substituído calquera candidato por outro dunha candidatura diferente.

7.- Os membros da Xunta Directiva serán elixidos mediante voto persoal, secreto e universal.

Artigo 19º.- Duración e cesamento, vacantes e retribución

1.- Os membros da Xunta Directiva serán elixidos por un período de dous anos, e serán renovados por metades anualmente. Na primeira renovación da Xunta Directiva, cando transcorra a metade do prazo antes sinalado, serán elixidos de novo presidente,

tesoureiro e dous vocais. Na segunda renovación serán elixidos o vicepresidente, o secretario e o outro vocal.

Os membros da Xunta Directiva continuarán nos seus cargos ata o momento no que se produza a renovación, aínda que xa conclúise o período para o que foron elixidos.

2.- A renuncia dos membros da Xunta Directiva deberase presentar por escrito e razoando os motivos da dimisión ou renuncia.

Tamén se pode producir o cesamento no cargo por baixa como membro da asociación.

Ademais, os membros da Xunta Directiva poden ser destituídos do seu cargo en calquera momento por acordo da Asemblea Xeral, adoptado por maioría simple.

3.- As vacantes que se produzan na Xunta Directiva cubriranse na primeira Asemblea Xeral que se celebre. Sen embargo, a Xunta Directiva poderá nomear un membro da asociación para que ocupe o cargo vacante ata a celebración da próxima Asemblea Xeral.

4.- Se na celebración da Asemblea Xeral non se cubrisen a totalidade das vocalías, a Xunta Directiva elixida poderá nomear un membro asociado para que ocupe o cargo vacante ata a próxima Asemblea Xeral.

5.- Os cargos que compoñen a Xunta Directiva non serán remunerados.

Artigo 20º.- Funcionamento

1.- A Xunta Directiva debe ser convocada polo presidente, ou polo membro que o substitúa, por iniciativa propia ou a pedimento de calquera membro da xunta. Se a solicitude non fose atendida no prazo de dez días, poderá ser convocada polo directivo que fixese a petición, sempre que logre a adhesión, polo menos, de un tercio da Xunta. Non será necesaria a convocatoria cando, estando presentes todos os directivos, decidan por unanimidade a celebración da xunta.

Pódese convocar á reunión da Xunta Directiva, sen dereito a voto, a calquera técnico ou profesional que sexa de interese para a asociación.

2.- A Xunta Directiva quedará validamente constituída cando concorran persoalmente á reunión máis da metade dos compoñentes. Os directivos non poden ser representados.

Os membros da Xunta Directiva están obrigados a asistir a todas as xuntanzas que se convoquen, pero poden escusar a asistencia por causas xustificadas.

En calquera caso, será necesaria a asistencia do presidente e do secretario ou das persoas que os substitúan.

3.- Os acordos adoptaranse, salvo que se acorde de maneira regulamentaria outra cousa, por máis da metade dos votos validamente expresados. Será suficiente o voto favorable de un tercio dos membros que constitúan a xunta para acordar os asuntos que deban incluírse na orde do día da Asemblea Xeral. Cada directivo terá un voto. O voto do presidente dirimirá os empates.

4.- A acta da reunión, asinada polo presidente e o secretario, que a redactará, recollerá os debates de forma sucinta e o texto dos acordos, así como o resultado numérico das votacións.

Artigo 21º.- Facultades da Xunta Directiva

A Xunta Directiva posúe as seguintes facultades:

a) Exercer e executar a representación, a dirección e a administración da asociación e cumprir as decisións tomadas pola asemblea xeral.

b) Tomar os acordos necesarios para a comparecencia ante os organismos públicos para o exercicio de toda clase de accións legais e para interpoñer os recursos pertinentes.

c) Propoñer á Asemblea Xeral a defensa dos intereses da asociación.

d) Propoñer á Asemblea Xeral o establecemento das cotas que os membros da asociación teñan que satisfacer.

e) Convocar as Asembleas Xerais e controlar que os acordos que nelas se adopten se cumpran.

f) Elaborar o balance e o estado de contas de cada exercicio e confeccionar os orzamentos do exercicio seguinte para someter todo iso á consideración e aprobación da Asemblea Xeral.

g) Elaborar a memoria anual de actividades e sometela á aprobación da Asemblea Xeral.

h) Establecer grupos e comisións de traballo, se o considera necesario, para conseguir da maneira máis eficiente e eficaz os fins da asociación, e autorizar os actos que estes grupos pretendan realizar.

i) Nomear o vocal da Xunta Directiva que teña que encargarse de cada grupo de traballo ou comisión, a proposta do mesmo grupo ou comisión.

k) Realizar as xestións necesarias ante os organismos públicos, entidades e institucións nacionais e internacionais ou calquera persoa para conseguir subvencións, axudas e todo tipo de cooperación.

l) Designar os membros da Xunta Directiva que quedarán autorizados para abrir contas correntes e libretas de aforro en calquera establecemento de crédito ou bancario,

así como o número e forma en que estarán autorizados a dispoñer dos fondos que haxa nestes depósitos.

m) Aprobar os proxectos que teña que acometer a asociación.

n) Interpretar e executar os estatutos e velar polo seu cumprimento.

o) Calquera outra facultade que non estea atribuída de forma específica á Asemblea Xeral e aquelas que se lle deleguen expresamente.

Artigo 22º.- Responsabilidade dos membros da Xunta Directiva

1.- Os membros da Xunta Directiva desempeñarán o cargo de forma eficiente e responsable.

2.- Responderán persoalmente fronte á asociación e fronte ós socios e fronte a terceiros do dano causado por abuso de facultades ou negligencia grave.

Artigo 23º.- Funcións do presidente e vicepresidente da Xunta Directiva

Son propias do presidente as funcións seguintes:

a) As de dirección e representación legal da asociación por delegación da Asemblea Xeral e da Xunta Directiva.

b) Presidencia e dirección dos debates, tanto da Asemblea Xeral como da Xunta Directiva.

c) Emitir voto de calidade decisorio nos casos de empate.

d) Convocar as reunións da Asemblea Xeral e da Xunta Directiva.

e) Visar as actas e os certificados confeccionados polo secretario da asociación.

f) As atribucións restantes propias do cargo e as que delegue a Asemblea Xeral ou a Xunta Directiva.

O vicepresidente asumirá as función que lle delegue o presidente e substituirá a este en caso de ausencia.

Artigo 24º.- Tesoureiro da Xunta Directiva

1.- O tesoureiro terá como función a custodia e o control dos recursos económicos da asociación, así como tamén a elaboración do orzamento, o balance, e a liquidación de contas, a fin de sometelos á Xunta Directiva.

2.- O tesoureiro asinará os recibos, cotas e outros documentos da tesourería, levará un registro da caixa, e outro de contas cos bancos, e aprobará o pagamento das facturas que sexan necesarias para o funcionamento da asociación.

Artigo 25º.- O secretario da Xunta Directiva

O secretario debe custodiar a documentación da asociación, redactar e asinar as actas das reunións da Asemblea Xeral e da Xunta Directiva, redactar e autorizar as certificacións que haxa que tramitar, e levar o rexistro dos membros da asociación.

CAPÍTULO TERCEIRO

OS SOCIOS: DEREITOS E DEBERES.

Artigo 26º.- Poden ser membros as persoas maiores de idade, físicas ou xurídicas, que dalgunha maneira teñan interese en desenvolver os fins da asociación e que se sometan ós estatutos.

A Xunta Directiva pode outorgar o nomeamento de membro honorario a aquelas persoas, físicas ou xurídicas, que, polo seu prestixio ou por ter contribuído de maneira relevante á dignificación ou desenvolvemento da mesma, sexan merecentes de tal distinción.

Son membros colaboradores aquelas persoas que contribúan exclusivamente con cotas ou achegas extraordinarias ó sostemento da asociación.

Artigo 27º.- As persoas que desexen pertencer á asociación, solicitarano por escrito ó presidente, quen llo comunicará á Xunta Directiva para que esta resolva sobre a admisión ou inadmisión do socio, sen que caiba ningún recurso contra o seu acordo.

Non se adquire a condición de socio mentres non se satisfaga a cota de entrada na conta e na forma que estableza a Xunta Directiva.

Artigo 28º.- Os membros da asociación terán os seguintes dereitos:

- a) Ser elector e elixible para os cargos dos órganos directivos.
- b) Formular propostas e participar, con voz e voto, na adopción de acordos na Asemblea Xeral e nos demais órganos sociais dos que formen parte.
- c) Participar nas actividades que promova a asociación e nos actos sociais que organice para todos os socios.
- d) Recibir a información necesaria para o exercicio dos seus dereitos e o cumprimento das súas obrigas, en conformidade coas normas legais.
- e) Recibir, se así o solicitasen, unha copia destes estatutos e ter coñecemento dos acordos adoptados polos órganos directivos.
- f) Que se lles poña de manifesto o estado de contas dos ingresos e gastos da asociación todos os anos.

Artigo 29º.- Os membros da asociación terán as seguintes obrigas:

a) Acatar as normas estatutarias e os acordos validamente adoptados pola Asemblea Xeral e pola Xunta Directiva.

b) Aboar puntualmente as cotas de entrada e as periódicas que acorde a Xunta Directiva.

c) Desempeñar as obrigas inherentes ó cargo que desempeñen e prestar a colaboración necesaria para o bo funcionamento da asociación.

d) Cumprir os principios da asociación e os preceptos establecidos nas leis e nos estatutos.

Artigo 30º.- Os socios poden ser sancionados pola Xunta Directiva por infrinxiren reiteradamente os presentes estatutos ou os acordos da Asemblea Xeral ou da Xunta Directiva. As sancións poden comprender desde a suspensión dos dereitos durante un mes ata a separación definitiva da asociación, nos termos que prevé a lei.

Artigo 31º.- Os socios poden solicitar a baixa na asociación voluntariamente mediante un aviso por escrito á Xunta Directiva, pero isto non os eximirá de satisfacer as obrigas que teñan pendentes con ela.

A Xunta Directiva pode acordar o cesamento na asociación daqueles socios que:

- adopten actitudes e comportamentos contrarios ós principios e valores da asociación.

- prexudiquen os intereses materiais ou o prestixio social da asociación.

- usurpen funcións da Xunta Directiva.

- falsifiquen documentos, sinaturas, selos ou datos da asociación.

- falseen voluntariamente datos e informacións do servizo realizado.

- realicen fraude, deslealdade ou abuso de confianza nas xestións que se lle encomenden, así como calquera conducta constitutiva de delito.

- demoren no pagamento das cotas establecidas máis de noventa días, contados desde a data do vencemento, salvo causa xustificada.

A baixa ou expulsión soamente pode ser acordada pola Xunta Directiva. Debe ser precedida de expediente, no que cómpre oír o interesado. O socio pode recorrer contra o acordo de expulsión no prazo de quince días, desde que lle sexa notificado, ante a Asemblea Xeral. O acordo de expulsión será firme desde que sexa ratificado polo Asemblea Xeral.

CAPÍTULO CUARTO

O RÉXIME ECONÓMICO

Artigo 32º.- LABAÑOU SOLIDARIA ó constituírse o patrimonio fundacional ascende a trescentas mil pesetas e o límite do orzamento virá condicionado ós resultados económicos do ano anterior.

Artigo 33°.- Os recursos económicos previstos para o desenvolvemento das actividades sociais serán os seguintes:

a) As cotas que fixe a Asemblea Xeral ós membros. Os membros de honra están exentos de cotización. A primeira cota págase o mes no que se produza a inscrición e as seguintes cunha periodicidade de unha vez ó ano polo menos, contando desde o pagamento da cota anterior.

b) Os produtos dos bens e dereitos que lle correspondan, así como as subvencións oficiais ou particulares, legados e herdanzas, doazóns de organismos ou institucións nacionais ou internacionais, que poidan recibir en forma legal.

c) Rendas do patrimonio.

d) Outros ingresos que poida obter a asociación mediante as actividades lícitas que acorde realizar a Xunta Directiva, sempre dentro dos fins estatutarios.

Artigo 34°- A administración dos fondos da asociación estará sometida á correspondente intervención e coa publicidade suficiente, co fin de que os socios poidan ter coñecemento periodicamente do destino dos fondos, sen prexuízo do dereito consignado a este respecto nestes estatutos.

Esta asociación non poderá destinar os seus bens a fins industriais, comerciais, profesionais ou de servizos, nin exercer actividades de igual carácter co fin de repartir beneficios entre os seus socios. Os seus ingresos aplicaranse integramente á conservación do seu obxecto social.

CAPÍTULO QUINTO

DISOLUCIÓN DA ASOCIACIÓN

Artigo 35°.- A asociación disolverase por acordo da Asemblea Xeral, adoptado polos dous tercios dos votos presentes e representados, así como por outras causas establecidas por lei.

Cumpridas as formalidades legais sobre disolución da asociación, ábrese o período de liquidación.

A Asemblea Xeral que acorde a disolución nomeará unha comisión liquidadora composta por cinco membros, polo menos dous deles extraídos da Xunta Directiva. Esta comisión farase cargo dos fondos que existan, para que, unha vez satisfeitas as obrigas, o remanente, se o houber, sexa entregado a calquera entidade ou asociación similar nos obxectivos e medios, ou que se reparta entre varias asociacións deste tipo.

DISPOSICIÓN FINAIS

Primeira.- Reforma dos estatutos

Para a reforma dos estatutos precísase unha proposta concreta da Xunta Directiva, que a someterá á Asemblea Xeral extraordinaria convocada para tal efecto.

Será necesario, para a súa aprobación, contar cun número de votos favorables equivalentes ás dúas terceiras partes dos socios asistentes.

Segunda.- Interpretación e execución dos estatutos

A interpretación e execución dos presentes estatutos corresponde á Xunta Directiva, a cal velará polo seu cumprimento así como o das normas que dimanen da Asemblea Xeral.

Levántase a sesión e, como mostra de aprobación , os sete membros da comisión xestora asinan estos estatutos e ademáis asinan todos os asistentes á asemblea.

Asdo.: José Luis Astray Coloma
DNI.: 32398711-Z

Asdo.: Dolores Veiguela Moreno
DNI: 32759287-L

Asdo.: Rosa María Rodríguez Barrós
DNI.: 32756849-L

Asdo.: Joaquín Serrano Peña
DNI: 13074578K

Asdo.: Paloma Tomé Díaz
DNI.: 32417719-R

Asdo.: Santiago del Valle Chousa
DNI: 33809766-L

Asdo.: Gerardo Vázquez Sánchez
DNI.: X2953073-B